

# Consellos para a compra de xoguetes



**Boas vacacións!!**

## CARACTERÍSTICAS QUE DEBEN CUMPRIR OS XOGUETES

- Deben ser sinxelos e facilmente manipulables
- Deben ser seguros
- Os xoguetes deben adaptarse á idade e capacidade do neno, non deben ser nin demasiado complicados nin demasiado sinxelos. Non anticipemos experiencias de xogo porque impide que o neno/a aproveite ao máximo as súas aportacións.
- É importante que lle gusten ao neno ou nena

## PAUTAS A TER EN CONTA

- É importante que os nenos e nenas dispoñan de variedade no tipo de xoguete, así pode disfrutar de experiencias diversas de xogo que estimulan o seu desenvolvemento dende diferentes puntos de vista.
- Hai que garantirlle un tempo para xogar. Tamén é importante que xoguemos con eles.
- Debemos ensinarlle aos nenos e nenas a utilizar os xoguetes.
- Xogar con outros nenos e nenas favorece o seu desenvolvemento e socialización.
- Aprender a crear os seus propios xoguetes potencia a creatividade.
- Os xoguetes que banalizan a violencia deben suprimirse. Evitando estes xoguetes contribuiremos a que os nenos/as non vexan como algo natural a violencia na sociedade.
- Non debemos saturar aos nenos e nenas con xoguetes nin intentar suplir o afecto como pais con eles. A excesiva cantidade de xoguetes provoca actitudes de aburrimiento ou menosprezo polos mesmos e, a miúdo, desorde e falta de interese por conservalos.

- Hai que mirar ben o envase e o etiquetado á hora de comprar, fixándonos nas advertencias relacionadas coa seguridade ou as condicións de uso.

## XOGUETES PARA NENOS E NENAS DE 3 A 5 ANOS

- Xoguetes para o xogo simbólico: xogos de imitación como cocinas, vehículos, carpinteiros, tendas, médicos, etc. que permiten inventar, imaxinar ou reproducir situacións da vida cotiá. Desenvolven a sociabilidade e a afectividade.
  - Cociniñas
  - Disfraces
  - Lotos de fotografías
  - Bonecas
- Xoguetes para o xogo físico: desenvolven a precisión e a coordinación dos movementos.
  - Pelotas
  - Triciclos
  - Birlos infantís
  - Xoguetes para a auga
- Xoguetes manipulativos: permiten ao neno/a inventar, imaxinar, así como o movemento cada vez máis preciso dos dedos.
  - Bloques para construcións
  - Elementos para facer coares
  - Maletíns de manualidades
  - Instrumentos musicais
- Xoguetes para os xogos de regras:
  - Pelotas
  - Dianas
  - Xogos de mesa
  - Dominós infantís
  - Bingos de cores
- Xoguetes educativos: desenvolven as capacidades de reflexión, memorización, establecemento de relacións lóxicas, etc.
  - Crebacabezas
  - Regretas
  - Bloques lóxicos
  - Contos
  - Dicionarios de imaxes

## XOGUETES PARA OS NENOS DE 6-8 ANOS

- *Xogos de regras:*
  - *Xogos de mesa: dominó, damas, oca, etc.*
  - *Quen é quen*
  - *Xogos de cartas*
  - *Xogos de letras*
- *Xogos físicos: desenvolven a precisión e a coordinación motora.*
  - *Balóns*
  - *Bicicleta*
  - *Disco voador*
  - *Raquetas*
  - *Patíns*
- *Xogos manipulativos: permiten ao neno/a inventar, imaxinar, así como o movemento cada vez máis preciso dos dedos.*
  - *Caixa de ferramentas*
  - *Instrumentos musicais*
  - *Maletíns de pintura*
  - *Xogos de costura*
- *Xogo simbólico: xogos de imitación como cocinas, vehículos, carpinteiros, tendas, médicos, etc. que permiten inventar, imaxinar ou reproducir situacións da vida cotiá. Desenvolven a sociabilidade e a afectividade.*
  - *Lotos de transportes e animais*
  - *Bonecos e bonecas*
  - *Xogos de médicos, gasoleira, mercado, etc.*
- *Xoguetes educativos: desenvolven as capacidades de reflexión, memorización, establecemento de relacións lóxicas, etc.*
  - *Libros*
  - *Prismáticos*
  - *Xogos de experimentos*
  - *Crebacabezas máis complexos*
  - *Pasatempos sinxelos: sopas de letras, sudokus.*

